

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2010

37106 ENQUISA CONXUNTURAL A FOGARES

PROXECTO TÉCNICO

Introdución

O “Indicador de confianza do consumidor” é unha operación estatística que realiza o IGE desde o ano 2003 co obxecto de obter información sobre as expectativas económicas dos consumidores galegos.

No ano 2009 decidiuse ampliar este obxectivo, para incluír o estudo de novas variables que permitan coñecer as medidas ou movementos efectuados no curto prazo nos fogares galegos derivados da súa situación económica propia. Durante dito ano fíxose o estudo da nova metodoloxía e é no ano 2010 cando se pasa a coñecer co nome de “Enquisa conxuntural a fogares”.

Esta operación busca converterse nun instrumento explicativo da situación e expectativas económicas dos consumidores galegos. Permitíranos facer un seguimento ao longo do tempo das crenzas e comportamentos dos galegos no que á súa posición económica, patrón de consumo, de aforro, de pagamentos e de traballo se refire.

Obxectivos

Os obxectivos principais da “Enquisa conxuntural a fogares” (ECF) son os seguintes:

- Construír o Indicador de Confianza do Consumidor (ICC) e o Indicador de Sentimento do Consumidor (ISC), que permiten obter un rápido coñecemento dos cambios na percepción do consumidor respecto ás súas expectativas de gasto e aforro así como da situación económica persoal e xeral da Comunidade Autónoma. As percepcións dos fogares, independentemente dos indicadores macroeconómicos, son unha ferramenta moi útil para a análise económica a curto prazo.
- Proporcionar información sobre as medidas que toman, ou pensan tomar, os fogares galegos segundo sexa a súa propia situación económica: decisións sobre os gastos efectuados, aforro, número de horas a traballar, solucións financeiras....

Conceptos e definicións

Vivenda: Unha vivenda é un recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma na que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas.

Un recinto considérase separado se está rodeado por paredes, muros, tapias, ..., atópase cuberto por un teito e permite que unha persoa ou un grupo de persoas se ille doutras co fin de preparar e consumir os seus alimentos, durmir e protexerse contra as inclemencias do tempo e do medio ambiente.

Un recinto considérase independente se ten acceso directo desde a rúa ou terreo público ou privado, común ou particular, ou ben desde calquera escaleira, corredor, ..., é dicir, sempre que os ocupantes da vivenda poidan entrar ou saír dela sen pasar por ningún recinto ocupado por outras persoas.

Vivenda familiar: Considérase vivenda familiar toda vivenda habitada por unha ou varias persoas xeral pero non necesariamente unidas por relación de parentesco e que non constitúen un colectivo.

Vivenda familiar principal: Considérase vivenda familiar principal toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual, a maior parte do ano, por un ou máis fogares.

Fogar privado: Defínese o fogar privado como a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda familiar principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento.

Fogar principal: Considérase fogar principal aquel no que un dos seus membros ten a titularidade da vivenda familiar principal que ocupa, xa sexa en propiedade ou alugamento. No caso de que a vivenda estea cedida, o fogar principal será aquel no que estea a persoa a favor da que se fixo a cesión.

Membro do fogar: Para establecer se unha persoa é membro ou non dun fogar, teremos en conta se a persoa está presente ou ausente no momento da entrevista.

As persoas presentes serán membros do fogar se levan tres ou máis meses presentes, tanto se ocupan outra vivenda permanente coma se non, e tamén serán membros do fogar as que leven menos de tres meses presentes e non ocupen outra vivenda permanentemente.

As persoas ausentes na vivenda serán membros do fogar se levan menos de tres meses ausentes e non ocupan outra vivenda permanentemente. Non serán membros do fogar aquelas persoas que leven tres meses ou máis ausentes, tanto se ocupan outra vivenda permanentemente coma se non, agás as persoas desprazadas temporalmente a outro lugar, tales como:

- enfermos en sanatorios

- persoas en viaxes de negocio ou ocio
- pescadores no mar
- persoal navegante de compañías aéreas ou marítimas, nacionais ou estranxeiras
- estudantes e traballadores desprazados temporalmente a outro concello ou país, que se considerarán sempre membros do fogar, aínda que leven ausentes tres ou máis meses.

Os estudantes e traballadores considéranse desprazados temporalmente se, cando finalice a causa pola que se desprazaron, pensan volver reunirse co resto da familia. No caso de que se descoñeza esta circunstancia, non se considerarán membros do fogar se levan ausentes máis dun ano.

Persoa de referencia: A persoa de referencia é aquela que responde a enquisa sendo necesario que sexa un membro do fogar, teña 18 ou máis anos e teña coñecemento sobre a información pedida no cuestionario e é elixida polos membros do fogar por ser quen toma as decisións económicas no fogar.

O **Indicador de Confianza do Consumidor (ICC)** e o **Indicador de Sentimento (ISC)**: son indicadores resume que toman valores entre (-100) e (+100) coa seguinte interpretación:

- Valor entre 0 e +100: percepción favorable, sendo máis optimista canto máis próximo estea o resultado a 100 e máis neutra canto máis cerca estea a cero.
- Valor igual a 0: percepción neutra.
- Valor entre 0 e -100: percepción desfavorable, que será máis pesimista canto máis se acerque a -100 o valor do indicador.

O **ICC** calcúlase coma unha media aritmética dos indicadores correspondentes a catro preguntas: situación económica futura do fogar, situación económica futura da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro do fogar e evolución futura do número de parados.

O **ISC** calcúlase coma a media aritmética dos indicadores correspondentes a cinco preguntas: as relativas á oportunidade de facer grandes compras, situación financeira do fogar (tanto evolución pasada como perspectivas de evolución) e situación económica xeral de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

O seu cálculo efectúase en tres pasos. O primeiro, convertendo para cada pregunta a cuantitativos os datos cualitativos facilitados polos enquisados. Os valores son,

Mellora significativa	Mellora leve	Neutro	Empeoramento leve	Empeoramento significativo
⇅ +1	⇅ +0,5	⇅ 0	⇅ -0,5	⇅ -1

Agás no desemprego, onde asignámola ponderación +1 ao descenso significativo deste, o +0,5 ao lixeiro descenso, se permanece estable ponderamos con 0 e damos pesos negativos para as situacións de aumento do desemprego.

A continuación, para cada variable x involucrada no indicador calcúlase un indicador I_x como a media ponderada utilizando o factor de elevación de cada vivenda f_{hs} (para o cálculo dos mesmos ver apartado de “Estimadores”)

$$I_x = \frac{\sum_{h,s} f_{hs} \cdot x_{hs}}{\sum_{h,s} f_{hs}} \times 100$$

E como último paso, calcúlanse os ICC e ISC como a media simple dos I_x das variables correspondentes.

Variables a investigar

A. Características sociodemográficas

No bloque de características sociodemográficas recóllese a seguinte información:

- Idade da persoa de referencia
- Sexo da persoa de referencia
- Tipoloxía de fogar
- Número de persoas que conviven no fogar
- Distribución das persoas que conviven no fogar segundo a súa relación coa actividade laboral.

Tipoloxía de fogar: Considérase a seguinte clasificación para a tipoloxía do fogar:

- Unipersoal
- Parella con fillos
- Parella sen fillos
- Pai ou nai e fillos (monoparental)
- Un núcleo e outros / Varios núcleos
- Sen núcleo

A hora de determinar o tipo de fogar débense ter presente os seguintes criterios:

- Unha parella considerase como tal tanto se é parella de dereito como parella de feito
- Os fillos consideraranse como tales se son fillos carnais, fillastros ou fillos adoptivos
- Considerase a relación de parentesco tanto se é carnal como política
- A relación de parella ten preferencia sobre a relación de pai ou nai e fillo
- Na categoría de ‘Un núcleo e outros/Varios núcleos’ inclúense aqueles fogares formados por unha parella (con ou sen fillos) ou un pai/nai con fillos e nos que tamén conviven outras persoas (con parentesco ou non).

- Na categoría de 'Sen núcleo' inclúense os fogares de máis dunha persoa onde non existe ningunha parella nin pai ou nai con fillo.

Situación do fogar con respecto a actividade: Considérase a seguinte clasificación para a relación do fogar con respecto á actividade:

- Todos ocupados
- Todos inactivos
- Todos os activos parados (todos parados ou con parados, inactivos e sen ocupados)
- Algún ocupado (con ocupados e parados ou con ocupados e inactivos e sen parados)

Activos: Persoas de 16 ou máis anos de idade que durante a semana de referencia satisfán as condicións para a súa inclusión entre as persoas paradas ou ocupadas.

Ocupados: A poboación ocupada está constituída polas persoas de 16 ou máis anos de idade que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:

- Traballando polo menos unha hora por un soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo pero mantendo un forte vínculo con el. A forza deste vínculo determínase de acordo coa crenza en reincorporarse ou non á empresa e coa percepción ou non dalgún tipo de remuneración.

Os ocupados clasifícanse en:

- Traballadores por conta allea: Persoas que na semana de referencia estiveron traballando para un empresario privado ou para a Administración ou empresa pública a cambio dun soldo, salario, comisión, pagamento segundo resultado, gratificación ou calquera outra forma de remuneración en metálico ou en especie.
- Traballadores por conta propia: Persoas que levan a súa propia empresa, industria, comercio, explotación agrícola ou exerce pola súa conta unha profesión liberal ou oficio
- Axudas familiares: Persoas que traballan sen remuneración regulamentada na empresa dun familiar co que conviven.

Parados: Considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron:

- "Sen traballo", isto é, que non tiveron un emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia
- "Na procura de traballo", é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente
- "Dispoñibles para traballar", é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Tamén se inclúen entre as persoas paradas aquelas que na semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar dentro das dúas semanas posteriores á da data da entrevista e á espera de se poderen incorporar a un novo traballo nunha data posterior á semana de referencia.

Así mesmo, son paradas as persoas ausentes do traballo como consecuencia dunha suspensión por regulación de emprego que non crean poderse incorporar á empresa e que buscaron traballo e están dispoñibles para desempeñalo.

Inactivos: A poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia. Os inactivos clasifícanse en percibindo unha pensión de xubilación ou prexubilación, percibindo outro tipo de pensión, estudantes, labores do fogar e outras situacións.

B. Vivenda e coche no fogar

No bloque de vivenda e coche no fogar analízase o réxime de tenza dos seguintes bens:

- A vivenda principal
- Unha segunda vivenda
- O coche

Segunda vivenda: vivenda propiedade do fogar, diferente da vivenda principal, destinada a traballo, estudos ou espallamento por algún membro do fogar ou ben comprada por investimento aínda que nela resida outro fogar.

C. Expectativas sobre a situación económica xeral e do fogar

No bloque de expectativas sobre a situación económica xeral e do fogar pregúntase sobre:

- A evolución da situación económica xeral de Galicia nos últimos doce meses
- A evolución da situación económica xeral de Galicia para os próximos doce meses
- A evolución do número de parados en Galicia nos próximos doce meses
- A evolución da posición económica do fogar nos últimos doce meses
- A evolución da posición económica do fogar nos próximos doce meses
- A capacidade de aforro do fogar nos próximos doce meses
- A adecuación do momento para que o fogar faga grandes compras

D. Situación económica do fogar

No bloque de situación económica do fogar recóllese a seguinte información:

- Ingreso medio mensual neto do fogar nos últimos tres meses
- Grao de facilidade ou dificultade coa que chegou o fogar a fin de mes nos últimos tres meses

- Realización nos últimos tres meses e previsión de realización nos próximos tres meses dos seguintes aspectos que afectan a economía do fogar:
 - Pagarse unhas vacacións, viaxes ou estadias
 - Saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro...
 - Facer fronte a imprevistos ou grandes compras
 - Aforrar algo de cartos
 - Facer algún extra en produtos de alimentación
 - Algunha compra extraordinaria en roupa ou calzado
 - Traballar menos horas ou deixar de traballar algún membro do fogar
 - Contratar algún novo servizo no fogar (internet, canle de pago...)
- Toma nos últimos tres meses e crenza de ter que tomar nos próximos tres meses as seguintes medidas destinadas a reducir os gastos ou aumentar os ingresos do fogar:
 - Cambiar os seus hábitos de compra mercando marcas brancas, produtos en oferta...
 - Diminuír outros gastos comúns, como roupa e calzado, transporte... excluindo alimentación
 - Algún dos membros do fogar tivo/terá que poñerse a traballar cando antes non o facía
 - Algún dos membros do fogar tivo/terá que aumentar a xornada de traballo, facer horas extras...
- Retraso no pago dos seguintes recibos de obrigado cumprimento polo fogar:
 - Recibo da hipoteca da vivenda principal
 - Recibo do aluguer da vivenda principal
 - Préstamos, compras aprazadas...
 - Recibos de auga, gas, electricidade, comunidade...
- Toma nos últimos tres meses e crenza de ter que tomar nos próximos tres meses as seguintes medidas para facer fronte a problemas económicos do fogar:
 - Recibir axuda económica de familiares ou amizades
 - Para reducir a contía das cotas mensuais, renegociar as condicións da súa hipoteca ou reunificar débedas
 - Solicitar préstamos para afrontar gastos correntes
 - Optar por solucións financeiras como aprazar pagos, fraccionar pagos...

Ingreso medio mensual neto do fogar: O ingreso medio mensual neto do fogar é a media mensual dos ingresos netos monetarios de todos os membros do fogar nos últimos tres meses sexan estes regulares ou non.

Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de estudo é a do conxunto de fogares privados que residen habitualmente en vivendas familiares principais na comunidade autónoma de Galicia con algún membro de 18 ou máis anos. Exclúense, polo tanto, os fogares colectivos como hospitais, hoteis, orfanatos, cuarteis, conventos, etc. Sen embargo, si se inclúen as familias que, formando un grupo independente, residen nestes establecementos, como pode ocorrer cos directores dos centros penitenciarios, conserxes ou porteiros.

Tamén se exclúen aqueles fogares que non dispoñen de ningún teléfono (fixo ou móbil).

Ámbito xeográfico

Cobre todo o territorio galego.

Ámbito temporal

Trátase dunha enquisa trimestral.

- Período de referencia dos resultados da enquisa:
É o trimestre natural. As entrevistas están repartidas equitativamente nos tres meses do trimestre e os resultados que se obteñen están referidos a ese mesmo trimestre.
- Período de referencia da información:
Os períodos de referencia son distintos para as diversas variables recollidas na enquisa distinguíndose os seguintes:
 - a) Momento actual: enténdese por momento actual día da entrevista.
 - b) Semana de referencia: é a semana inmediatamente anterior (de luns a domingo) á da entrevista (utilizada nas variables de relación coa actividade)
 - c) No resto de variables (situación económica e expectativas) recóllese información referida a: o período dos doce últimos meses, dos tres últimos meses, dos próximos tres meses e dos próximos dozes meses.

Unidades da enquisa

Unidades de análise e unidade informante

O fogar é a unidade básica de análise.

En cada fogar será entrevistada unha única persoa, a considerada polos membros do fogar como persoa de referencia para poder contestar aos datos sobre a situación económica do fogar. Será unha persoa de 18 ou máis anos.

Unidades de mostraxe

A unidade primaria de mostraxe é a sección censal e a unidade de segunda etapa é a vivenda familiar principal.

Deseño mostral

Tipo de mostraxe

Dentro de cada provincia, a mostraxe é bietápica con estratificación previa das unidades de primeira etapa (seccións censais).

A clasificación dos estratos é:

Estrato 1: capitais de provincia

Estrato 2: concellos de máis de 100.000 habitantes agás os anteriores (Vigo)

Estrato 3: concellos de 50.000 habitantes a 100.000 habitantes agás os anteriores (Santiago e Ferrol)

Estrato 4: concellos de 20.000 a 50.000 habitantes, agás os anteriores

Estrato 5: concellos de 10.000 a 20.000 habitantes

Estrato 6: concellos con menos de 10.000 habitantes

Nalgunha provincia non existen determinados estratos.

Tamaño da mostra

A mostra consta de 138 seccións coa seguinte repartición por provincias: A Coruña 54; Lugo 18; Ourense 18; Pontevedra 48. En cada sección entrevístanse 8 vivendas, co que resulta un total de 1.104 vivendas.

A mostra vai rotando cada trimestre nunha sexta parte, así pois, cada fogar colabora seis trimestres e logo sae da mostra.

Afixación da mostra

No seguinte cadro preséntase a afixación da mostra por provincias, meses e estratos. A notación dos estratos corresponde coa que se especificaba no subapartado 'Tipo de mostraxe'.

PROVINCIA	Estrato	Nº seccións trimestrais	Nº fogares trimestrais	Nº seccións mensuais	Nº fogares mensuais
Coruña	E1	12	96	4	32
	E3	9	72	3	24
	E4	9	72	3	24
	E5	9	72	3	24
	E6	15	120	5	40
	Total		54	432	18
Lugo	E1	6	48	2	16
	E5	3	24	1	8
	E6	9	72	3	24
	Total		18	144	6
Ourense	E1	6	48	2	16
	E5	3	24	1	8
	E6	9	72	3	24
	Total		18	144	6
Pontevedra	E1	6	48	2	16
	E2	12	96	4	32
	E4	9	72	3	24
	E5	12	96	4	32
	E6	9	72	3	24
	Total		48	384	16
GALICIA		138	1.104	46	368

Cada cinco anos procederáase a revisar os estratos e a asignar a cada concello ao estrato que lle corresponda de acordo ás novas cifras de poboación. Estudárase se hai algún cambio na afixación por estratos.

Selección da mostra

En primeiro lugar, ordénanse as seccións dese estrato segundo características sociodemográficas e logo escóllese a mostra de seccións mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio. Nunha segunda etapa, para a mostra de seccións xa escollidas, ordénanse os fogares desas seccións mediante as ditas características sociodemográficas e a

continuación escóllese a mostra de fogares mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

Marco da mostra

O marco que se emprega para a extracción da mostra é o Padrón de Habitantes referido ao 1 de xaneiro de cada ano.

Distribución da mostra no tempo

Os fogares que compoñen a mostra de cada trimestre divídense en tres submostras de tamaño un terzo que se enquisan cada mes.

A repartición da submostra de cada mes mantén a proporcionalidade por provincia e estrato da mostra total.

A recollida de información realízase nos primeiros 16 días laborables de cada mes.

Rotación da mostra

Considérase unha mostra tipo panel con rotación dunha sexta parte das vivendas.

As estimacións do cambio véñense beneficiadas polo mantemento no tempo dos fogares na mostra; sen embargo, a fin de evitar o cansazo das familias, a mostra de vivendas familiares é renovada parcialmente cada trimestre da enquisa.

Para elo, a mostra de seccións está dividida en seis grupos de rotación. Cada trimestre, renóvanse as vivendas que pertencen ás seccións dun determinado grupo de rotación. Polo tanto, cada vivenda permanece na mostra durante seis trimestres consecutivos, ao cabo dos cales sae dela para ser substituída por outra da mesma sección.

A distribución do número de seccións por estrato é semana é similar en cada grupo de rotación.

Entrada e saída de seccións da mostra

Ao contrario das vivendas, as seccións permanecen na mostra durante un longo período de tempo.

Por este motivo, só entran na mostra seccións cun número mínimo de 72 vivendas (follas padronais). Considérase este tamaño para garantir que cada sección estea na mostra un mínimo de 3 anos, isto é, nela efectuaranse cando menos dúas seleccións de mostra de vivendas.

Unha sección sae da mostra:

- Se o número de vivendas utilizadas máis 24 supera o 70% do número total de vivendas da sección.

- Pola súa desaparición, debido a unha fusión ou partición, do marco de seccións actualizado cada ano a partir do Padrón de Habitantes.
- Polos cambios de afixación entre estratos efectuado cada 5 anos.

Para o primeiro caso, as seccións que saen da mostra substitúense por outras seccións do mesmo estrato seleccionadas mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio. Sen embargo, nos casos de saída por modificacións do marco o procedemento de entrada das novas seccións será:

- Se a sección se divide en dúas ou máis novas seccións incluírase na mostra aquela nova sección que conteña máis vivendas da mostra actual (se é necesario completárase a mostra de vivendas ata oito). No caso de coincidir, a de maior tamaño medido polo número de follas padroais. A nova sección terá asociado o grupo de rotación da sección inicial.
- Se a sección se fragmenta para anexionarse a unha ou máis seccións existentes:
 - * Se ningunha delas estaba na mostra, incluírase aquela sección actual que conteña máis vivendas da mostra actual.
 - * Se algunha delas, pero non todas, xa estaba na mostra, a sección que xa estaba na mostra manterase (coas 8 vivendas que tiña seleccionadas inicialmente) e incluírase na mostra aquela outra sección que conteña máis vivendas da mostra actual (se é necesario completárase a mostra de vivendas ata oito). Esta nova sección da mostra terá asociado o grupo de rotación da sección inicial.
 - * Se xa estaban na mostra todas as seccións coas que se fusiona, estas manteranse (coas 8 vivendas que tiña seleccionadas inicialmente) e seleccionarase aleatoriamente unha nova sección no estrato, que terá asociado o grupo de rotación da sección inicial.
- Se a sección se fusiona con outra ou outras seccións existentes.
 - * Se ningunha delas estaba na mostra, incluírase aquela sección actual que conteña máis vivendas da mostra actual. A sección que xa estaba na mostra manterase (coas 8 vivendas que tiña seleccionadas inicialmente) e incluírase na mostra aquela outra sección que conteña máis vivendas da mostra actual (se é necesario completárase a mostra de vivendas ata oito). Esta nova sección na mostra terá asociado o grupo de rotación da sección inicial.
 - * Se xa estaban na mostra todas as seccións coas que se fusiona, estas manteranse (coas 8 vivendas que tiña seleccionadas inicialmente) e seleccionarase aleatoriamente unha nova sección no estrato, que terá asociado o grupo de rotación da sección inicial.

Para os cambios derivados dunha nova afixación entre estratos:

- As altas de seccións será seleccionadas mediante mostraxe sistemática con arrinque aleatorio.

- Para as baixas, sairá da mostra aquela sección con grupo de rotación máis próximo a 6 (no grupo 6 xa habería que renovar a mostra de vivendas). De haber dúas na mesma situación, tomarase aquela con maior porcentaxe de vivendas utilizadas.

Estimadores

Para o cálculo das estimacións séguese un proceso que permite obter o peso ou ponderación final de cada fogar mostral en dous pasos.

Paso 1: Factor de deseño

Utilízase un estimador de razón utilizando como variable auxiliar as Proxeccións de poboación do IGE a nivel de estrato e de sección. Deste xeito actualízase a poboación empregada no momento da selección da mostra ao momento de realización da enquisa, tomado como a metade do trimestre.

Deste xeito, defínese o factor de elevación da sección s do estrato h (neste primeiro paso todas as vivendas dunha sección teñen o mesmo factor) como

$$f_{hs} = \frac{N_h}{n_h} \frac{N_{hs}}{n_{hs}}$$

sendo:

N_h é a proxección da poboación que reside en vivendas familiares, referida á metade do trimestre, no estrato h ($h=1\dots L$).

n_h poboación total das seccións do estrato h que caen na mostra (tomada do marco)

N_{hs} total poboacional da sección s do estrato h ($s \in S_h$ con S_h conxunto de seccións do estrato h que caen na mostra)

n_{hs} poboación total das 16 vivendas que caen na mostra correspondentes á sección s do estrato h que caeu na mostra

Paso 2. Axuste do número de fogares

Sobre o anterior factor aplícanse un factor de corrección o número de fogares por provincia obtido das Proxección de fogares do IGE a metade do trimestre.

O obxecto é axustar a distribución de fogares que estimamos coa enquisa á distribución de fogares procedente desa fonte externa.

Como resultado final tense un factor de elevación trimestral a nivel de vivenda.

Recollida de datos

Período de recollida

As enquisas estarán distribuídas ao longo dos primeiros 16 días laborables de cada mes.

Cuestionarios

O cuestionario está dividido en catro bloques temáticos, características sociodemográficas, vivenda e coche no fogar, situación económica do fogar e expectativas sobre a situación económica xeral e do fogar.

O cuestionario da segunda rolda, é basicamente igual ao da primeira, agás nos bloques de características sociodemográficas e de vivenda e coche, que para non volver preguntar o mesmo, só se confirma se segue a mesma situación ou hai algún cambio.

No **Anexo 1** figuran os cuestionarios utilizados.

Método de recollida de información

Consta de dúas fases diferenciadas:

- A primeira entrevista ao fogar. Nesta fase, o entrevistador despois de contactar co fogar en visita persoal, entrevista a unha persoa do fogar que proporciona a información do cuestionario. Nesa primeira entrevista solicítase o teléfono para realizar as seguintes entrevistas.

O instrumento establecido para esta recollida de información é un Tablet PC no que está implementado o cuestionario mediante unha aplicación que dirixe ao entrevistador na cobertura do cuestionario (método CAPI).

- O resto de entrevistas ao fogar (5 trimestres) serán mediante unha entrevista telefónica á persoa de referencia. Neste caso, o cuestionario tamén está implementado nunha aplicación que dirixe ao entrevistador na cobertura do cuestionario (método CATI) e que incorpora un sistema predefinido de xestión de chamadas.

As aplicacións de gravación inclúen a gravación das follas de control, e incorpora controis de validación para garantir unha adecuada depuración da información; así como o día e a hora de realización da entrevista, o identificador do entrevistador e o identificador da vivenda. Ademais a aplicación de CAPI permite a transmisión por medios seguros da información ao servidor que centralice a recollida.

Organización do traballo de campo

Persoal

Os enquisadores forman parte do cadro de enquisadores do IGE.

Para a súa instrución dispoñen dun manual de traballo de campo e recibiron os cursos de formación oportunos.

Para toda a fase de recollida da información os enquisadores deben seguir as instrucións que se lles indica no curso e no manual, debendo ser especialmente rigorosos no relativo ao segredo estatístico.

Recollida da información CAPI

O traballo dos enquisadores distribuirase de xeito que cada enquisador se encargue cada mes dun bloque de seccións completas.

No traballo de campo, os enquisadores irán provistos dun carné identificativo.

O IGE enviará unha carta ás vivendas da mostra explicando o obxecto da enquisa. Os enquisadores levarán unha copia da carta enviada, a cal se entregará en man no caso de que o entrevistado non a teña recibido.

O IGE pon a disposición dos enquisados un teléfono de balde, que figura nas cartas enviadas aos fogares da mostra, para que poidan comprobar a veracidade da enquisa, identificar aos enquisadores e solucionar dúbidas. Así como asegurar a confidencialidade da información recollida, garantida polo segredo estatístico.

O enquisador deberá buscar un '*informante idóneo*' dentro dos membros do fogar. Unha persoa de 18 ou máis anos que teñan coñecemento da situación económica do fogar así como das expectativas económicas que teñan.

Incidencias e tratamento

No proceso de recollida da información pódense presentar unha serie de incidencias que impiden ou dificultan a obtención dos cuestionarios cubertos: negativas, inaccesibles, non localizadas... Unha asignación correcta e o seu rigoroso tratamento son moi importantes nunha operación estatística. Polo tanto, segundo sexa o período no que se atope o fogar na mostra tense unha clasificación das posibles incidencias e o tratamento a seguir.

Para unha descrición máis detallada da súa clasificación e tratamento das incidencias ver o **Anexo 2**.

Por cada vivenda da mostra titular e para todas as vivendas substitutas cubrirase un documento de control, no que figuran as incidencias atopadas na recollida da información.

Substitucións da mostra

Nas entrevistas CATI non se efectúa a substitución dunha vivenda cando ten algún tipo de incidencia que imposibilita que conteste.

No caso das primeiras entrevistas (CAPI) si no proceso para entrevistar a un fogar se produce algunha incidencia que impida a súa colaboración substitúese por outro, ata cubrir o obxectivo de conseguir a colaboración de oito fogares en cada sección.

Con este motivo, a mostra seleccionada en cada sección consta de oito vivendas que se denominan 'titulares', de oito que se denominan 'Suplentes' e de outras oito que se denominan 'Reservas'. Cando un fogar da mostra titular resulta cunha incidencia distinta de 'Enquisado' debe de substituírse por unha suplente non utilizada antes seguindo o seguinte criterio de selección:

- Primeiro criterio: Coincidencia das variables Pers, Pers 0_44, Pers65mais, Pers 0_17. No caso de que haxa varios escolleríamos ao fogar máis próximo xeograficamente que apareza na lista.
- Segundo criterio: Coincidencia das variables Pers, Pers 0_44, Pers65mais. No caso de que haxa varios escolleríamos ao primeiro fogar máis próximo xeograficamente que apareza na lista.
- Terceiro criterio: Coincidencia das variables Pers, Pers 0_44. No caso de que haxa varios escolleríamos ao primeiro fogar máis próximo xeograficamente que apareza na lista.
- Cuarto criterio: Coincidencia da variable Pers. No caso de que haxa varios escolleríamos ao primeiro fogar máis próximo xeograficamente que apareza na lista.
- Quinto criterio: Escoller o primeiro fogar que aparece na lista máis próximo xeograficamente.

onde:

Pers: Número de persoas da vivenda.

Pers 0_44: Número de persoas de menos de 45 anos na vivenda

Pers65mais : Número de persoas de 65 ou máis anos da vivenda

Pers 0_17: Número de persoas de menos de 18 anos na vivenda

O mecanismo de substitución realízase de forma automática pola aplicación informática de recollida de datos co Tablet-PC para as vivendas suplentes.

No caso de que nunha sección se esgote a lista de vivendas da mostra suplente sen acadar o tamaño de mostra preestablecido, farase uso da mostra de reservas aplicando os criterios de selección iguais aos anteriores. De esgotar a mostra suplente e reserva sen acadar o tamaño de oito vivendas enquisadas na sección, ampliarase a lista de vivendas reserva iniciais.

Tratamento da información

Depuración e validación da información

A procedemento de depuración e validación dos datos lévase a cabo nas seguintes fases: depuración informática e validación posterior da calidade.

Para o control e depuración automática da información a propia aplicación informática de gravación establece uns criterios de validación agrupados en erros e avisos. Os erros poñen de manifesto que nalgunha parte do cuestionario existe algún dato incorrecto, incoherente ou inconsistente que é imprescindible corrixir. Pola contra, os avisos teñen como finalidade advertir que existen datos no cuestionario, cando menos “anormais”. **No Anexo 3** faise unha descrición destes controis.

Finalizada a recollida de información efectúase a validación dos datos gravados mediante consultas de control.

Procedemento de imputación

Dado que existe non resposta no sentido de que hai fogares que non cumprimentan a totalidade ou parte do cuestionario, é necesario introducir procedementos de imputación para corrixir o nesgo que isto produce na estimación.

Observouse unha maior correlación entre as respostas dun mesmo fogar en trimestres consecutivos que entre as dadas por dous fogares distintos pertencentes ao mesmo estrato, polo que o procedemento é o seguinte (**Anexo 4**):

- Se o fogar no que se produce a falta de resposta contestou no anterior trimestre, impútaselle esa resposta.
- Se o fogar non contestou no anterior trimestre impútaselle aleatoriamente empregando o método hot-deck.

Cambios metodológicos

Desde o seu inicio en 2003 esta operación tivo os cambios metodolóxicos que a continuación se indican.

Relativos ao ámbito de estudo

Para o período 2003-2009 o ámbito de estudo limitábase aos fogares privados residentes habitualmente en vivendas familiares principais con algún membro entre 18 e 65 anos e con teléfono fixo.

Relativos ao ámbito temporal

Ate o ano 2009 a operación tiña carácter mensual, calculábanse e difundíanse os indicadores mensuais. O tamaño de mostra mensual era de 1.100 fogares.

No ano 2009 a operación pasou a ter periodicidade trimestral, investigándose ao trimestre 1.100 fogares

Relativos ao deseño mostral

Para o período 2003-2009 o tipo de mostraxe utilizado era mostraxe bietápica con estratificación nas unidades de primeira etapa, os concellos. As unidades de segunda etapa eran as vivendas familiares principais e os aloxamentos fixos.

O marco de mostraxe utilizado era unha base de datos de teléfonos fixos.

Para máis información consultar o documento coa antiga metodoloxía.

Difusión de resultados

A información obtida da “Enquisa conxuntural a fogares” publícase na páxina web do IGE (<http://www.ige.eu>) con periodicidade trimestral.

Co obxecto de facilitar a comparabilidade provocada polos cambios metodolóxicos, na difusión inclúese unha serie trimestral enlazada coa nova metodoloxía 2010 para o período 3º trimestre de 2003-4º trimestre de 2009. Para poder realizar este enlace, no 4º trimestre de 2009 efectuouse a recollida de información polas dúas metodoloxías.

Tamén se inclúen as series con metodoloxía anterior a 2010. Unha trimestral, onde os datos correspondentes aos anos 2003 a 2008 proceden dunha trimestralización dos datos mensuais, e unha mensual para o período xuño de 2003-décembro de 2008.

Anexo I

Cuestionario empleado

ENQUISA CONXUNTURAL A FOGARES

ESPAZO PARA ETIQUETA IDENTIFICATIVA				
Concello		Rúa, praza, estrada		
Núm. ou km.	Escaleira	Planta	Porta	Código Postal
Provincia	Código de Concello		Código de Sección	
Código de Distrito	Código de Sección		Código de Sección	
Vivenda titular <input type="checkbox"/>		Vivenda substituta <input type="checkbox"/>		

ESPAZO PARA MODIFICACIÓNS				
Concello		Rúa, praza, estrada		
Núm. ou km.	Escaleira	Planta	Porta	Código Postal
Provincia	Código de Concello		Código de Sección	
Código de Distrito	Código de Sección		Código de Sección	
Vivenda titular <input type="checkbox"/>		Vivenda substituta <input type="checkbox"/>		

ENQUISA :

Enquisador/a:	<input type="checkbox"/>
Inspector/a de enquisadores:	
Data da enquisa:	Día <input type="checkbox"/>	Mes <input type="checkbox"/>

Entrevistador: A continuación voulle facer algunhas preguntas sobre a vivenda e o equipamento, a situación económica do fogar así como as expectativas económicas que teñan. ¿Que persoa do fogar, de 18 ou máis anos, considera que pode responder mellor a estas preguntas?

PERSOA DE REFERENCIA

Persoa de referencia:
Teléfono contacto 1:	<input type="checkbox"/>
Teléfono contacto 2:	<input type="checkbox"/>
Teléfono contacto 3:	<input type="checkbox"/>

CARACTERÍSTICAS SOCIODEMOGRÁFICAS

P1. ¿Pode dicirme a súa idade? (anos cumpridos)

P2. Sexo Home
Muller

P3. ¿Cal é o tipo de fogar que reside na súa vivenda?

- A. Persoa soa
- B. Parella, con fillos
 - B.a. Convivindo con outras persoas (con parentesco ou non)
 - B.b. Sen convivir con outras persoas
- C. Parella, sen fillos
 - C.a. Convivindo con outras persoas (con parentesco ou non)
 - C.b. Sen convivir con outras persoas
- D. Pai ou nai e fillos
 - D.a. Convivindo con outras persoas (con parentesco ou non)
 - D.b. Sen convivir con outras persoas
- E. Outros grupos con relación de parentesco
- F. Outros grupos sen relación de parentesco

P4a. ¿Cantas persoas residen no fogar?

P4b. ¿Cantas delas teñen 16 ou máis anos?

P4c. Destas últimas, ¿cal é a súa distribución segundo a relación coa actividade laboral na semana pasada, de luns a domingo?

- 1. Traballan
 - 1.1. por conta allea.....
 - 1.2. por conta propia agás axuda familiar.....
 - 1.3. axuda familiar.....
- 2. En paro
 - 2.1. percibindo prestación ou subsidio
 - 2.2. sen percibir prestación nin subsidio
- 3. Percibindo unha pensión (xubilación, viuvez, orfandade...)
- 4. Estudantes
- 5. Labores do fogar
- 6. Outras situacións.....

VIVENDA E COCHE NO FOGAR

P5. As preguntas seguintes refírense a situación na que se atopa o seu fogar respecto á compra dos seguintes bens:

	A. Teno comprado e pagado	B. Teno comprado e estou a pagar	C. Non o ten comprado	
a. A vivenda principal	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	→ Alugada <input type="checkbox"/> Cedida <input type="checkbox"/>
b. Unha segunda vivenda	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
c. Un coche	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

EXPECTATIVAS SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA XERAL E DO FOGAR

P6. Na súa opinión, a situación económica xeral de Galicia nos últimos doce meses:

- A Mellorou significativamente
- B Mellorou lixeiramente
- C Permaneceu estable
- D Empeorou lixeiramente
- E Empeorou significativamente

P7. Na súa opinión, a situación económica xeral de Galicia para os próximos doce meses:

- A Mellorará significativamente
- B Mellorará lixeiramente
- C Permanecerá estable
- D Empeorará lixeiramente
- E Empeorará significativamente

P8. Na súa opinión, o número de parados en Galicia nos próximos doce meses:

- A Descenderá significativamente
- B Descenderá lixeiramente
- C Permanecerá estable
- D Aumentará lixeiramente
- E Aumentará significativamente

P9. Nos últimos doce meses, a posición económica do fogar:

- A Mellorou significativamente
- B Mellorou lixeiramente
- C Permaneceu estable
- D Empeorou lixeiramente
- E Empeorou significativamente

P10. Nos próximos doce meses, espera vostede que a situación económica do fogar:

- A Mellore significativamente
- B Mellore lixeiramente
- C Permaneza estable
- D Empeore lixeiramente
- E Empeore significativamente

P11. ¿Cree vostede que o seu fogar será capaz de aforrar nos próximos doce meses?

- A Sí, seguramente
- B Sí, pode ser
- C Non, probablemente non
- D Non, seguramente non

P12. ¿Cree vostede que é o momento adecuado para que o fogar faga grandes compras (mobs, lavadoras, televisións, etc)?

- A Sí, é moi bo momento
- B Non é nin bo nin mal momento
- C Non, é moi mal momento

SITUACIÓN ECONÓMICA DO FOGAR

P13. ¿Cal é a cantidade neta de ingresos que por todos os conceptos entran no fogar, por termo medio ao mes nos últimos tres meses, contando todas as persoas que traballan e todas as pensións, subvencións, rendas e beneficios?

- | | |
|---------------------------------|---------------------------------|
| A. Ata 400,00 euros | F. De 2.000,01 a 2.500,00 euros |
| B. De 400,01 a 600,00 euros | G. De 2.500,01 a 3.000,00 euros |
| C. De 600,01 a 1.000,00 euros | H. De 3.000,01 a 4.000,00 euros |
